



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

(pendente de aprobación na seguinte sesión ordinaria)

SESIÓN ORDINARIA DO 3 DE DECEMBRO DE 2015

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

D^a. M^a Magdalena Pérez Millares

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **09:15 horas** do día **3 de decembro de 2015**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión ordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1.- Acta da sesión do 20/11/2015.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE APERTURA.

2.1.- Licenza de obra maior. Expediente 302/2015.

3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1.- Resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística.

4.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.



1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión extraordinaria do 20 de novembro de 2015.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE APERTURA.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, outorga as **licenzas urbanísticas** que de seguido se indican, impondo a cada unha delas, **aparte dos condicionados técnicos particulares que individualmente lles correspondan, sinalados polo arquitecto municipal, as seguintes condicións xerais**, de obrigado cumprimento para o solicitante:

1/ A licenza outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas; sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública; e unha vez rematada a obra deberá repoñer os posibles desperfectos ocasionados en dita vía pública.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao Concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: A obra debe iniciarse no prazo máximo de 1 ano dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación. Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra, de **copia autorizada da licenza municipal**, e **nas maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: "*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*"

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 104 da LOUGA, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian a levar a cabo.

- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

2.1) LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 302/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

"Visto que D. Modesto Seráns Vidal solicitou en data 09/10/2015 licenza municipal para "**construción dun alpendre para apeiros de labranza**" na parcela situada no lugar de Cimadevila, s/n (San Pedro de Muro), coas referencias catastrais 15072A032011660000PR, 15072A032011670000PD, 15072A032011690000PI e 15072A032011700000PD segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Roberto Ozores Nine, de data 06/10/2015 (visado nº 2424/15-ST do 18/11/2015) e anexo ao anterior proxecto de data 19/11/2015 (visado nº 2424/15-ST do 20/11/2015) redactado polo mesmo enxeñeiro.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **302/2015** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 26/11/2015 e o informe de Secretaría do 01/12/2015.

ACORDA:

PRIMEIRO: Conceder a D. Modesto Seráns Vidal a licenza municipal solicitada para "**construción dun alpendre para apeiros de labranza**" na parcela situada no lugar de Cimadevila, s/n (San Pedro de Muro), coas referencias catastrais 15072A032011660000PR, 15072A032011670000PD, 15072A032011690000PI e 15072A032011700000PD segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Roberto Ozores Nine, de data



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

06/10/2015 (visado nº 2424/15-ST do 18/11/2015) e anexo ao anterior proxecto de data 19/11/2015 (visado nº 2424/15-ST do 20/11/2015) redactado polo mesmo enxeñeiro, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

"CONDICIONS URBANÍSTICAS SEGUNDO DATOS DO PROXECTO:

CLASIFICACIÓN E TIPO BÁSICO:

NNSSMM (plano 02-E Clasificación do Solo)

CLASIFICACIÓN	NON URBANIZABLE
TIPO	COMÚN
CLAVE	SNU

Segundo Disposición Transitoria Primeira, apartado f. da LOUG:

RÉXIMEN DE APLICACIÓN

RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA

CONDICIÓN DE USO:

O uso para o que se pretende destinar a edificación é o de alpendre destinado a almacén de apeiros de labranza. Este uso encaixaría nos usos permitidos do artigo 33.2.a da LOUG *"Construcións e instalacións agrícolas en xeral tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros, ou outras análogas"*.

CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN:

Cumprimento das condicións do artigo 42 segundo proxecto:

- 42.a): - A parcela dispón de acceso rodado
- Segundo a memoria do proxecto o alpendre non disporá de subministro de auga enerxía eléctrica nin de saneamento. Manifestando, que se nun futuro o promotor necesitase estes servizos, os costes derivados dos subministros correrán ao cargo do peticionario.
- 42.b): Propón como medidas correctoras as pequenas dimensións da edificación e a súa implantación na zona que menos afecte ao estado natural do terreo, así como os revestimentos e acabados a base de cuberta de tella cerámica curva e paramentos exteriores revestidos e pintados, así como a realización do movemento de terras mínimo imprescindible para a implantación da construción.
- 42.c): - Ocupación: a ocupación da edificación na parcela é do 6% < 20%
- Volume máximo da edificación: Segundo a memoria o volume da edificación é similar ao das edificacións do entorno, cunha planta de 180m² e unha altura de 3m no cumio
 - Características tipolóxicas: segundo a memoria do proxecto o acabado da cuberta será de tella cerámica curva e a fachada estará revestida e pintada
 - Altura máxima: 2,50m < 7m



- Características estéticas e construtivas e materiais: no proxecto di que os revestimentos e acabados a base de cuberta de tella cerámica curva e paramentos exteriores revestidos e pintados, similar ás edificacións do entorno.

42.d): - Superficie de parcela: $3.006,10\text{m}^2 < 3.000\text{m}^2$

- Localización na parcela: (Observación segunda)

- Recuamentos: > 5m

- Abancalamientos: Non se contemplan

- Mantemento do estado natural dos terreos: (Observación cuarta)

XUSTIFICACIÓN DO ARTIGO 104 DA LOUG:

Segundo o artigo 195.4 da LOUG, "A memoria desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 104 da presente Lei e acompañarase dos correspondentes planos de situación a escala adecuada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa en orde a avalar o seu contido."

Xustifícase

CONDICIONS ESPECÍFICAS PARA O USO SOLICITADO:

RD 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o CTE. DB-SI . SEGURIDADE EN CASO DE INCENDIO

Segundo os datos técnicos aportados no expediente:

XUSTIFÍCASE

RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción

Comprobando unicamente que se conteña a xustificación obrigada

XUSTIFÍCASE

CONDICIÓN PARTICULARES:

- Con carácter previo ao inicio das obras, e nun prazo máximo de tres meses dende a obtención de licenza, deberá presentarse no Concello o proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico presentado, nomeamento de dirección de obra, nomeamento de dirección de execución, nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.
- As obras axustaranse estritamente ao contido do proxecto básico presentado
- Non se permiten apertura de pistas nin movementos de terra que non estean previstos no proxecto
- Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real da finca á construción e uso autorizados.
- O prazo para o inicio das obras será de seis meses, a contar dende o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, a contar dende o outorgamento da licenza.
- A edificación deberá cumprir tódalas normativas técnicas e urbanísticas de aplicación.



- Manterase o estado natural dos terreos na parte de finca que non resulta edificada conforme ao proxecto presentado.”

SEGUNDO: Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO: Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		TOTAL: ICIO + taxa
			Taxa total		
6.411,68 €	2%	128,23 €	Taxa total	30,05 €	158,28 €
			Taxa pagada	30,05 €	
			Pendente pago	0,00 €	

E requirir o pago ao obrigado tributario, sendo necesario que acredite o pagamento para poder retirar a licenza municipal de obras.

CUARTO: Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO: Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1) RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

"ANTECEDENTES

Primeiro.- O 19/12/2012 D^a. Carmen Deán Calo denunciou que D^a. Carmen Ageitos Sampedro estaba a executar as obras de peche dunha eira situada no enderezo Vilar, 15 (Baroña) sen dispor de licenza urbanística.

A Policía Local xirou visita de inspección ás obras e emitiu informe o 19/12/2012.

Segundo.- En data 11/04/2014 a APLU remite ao Concello de Porto do Son a denuncia presentada por D. Avelino Deán Calo en relación coa construción por D. Javier García Ageitos dun muro de peche sen licenza no lugar de Vilar, 15 (Baroña), por considerar que a



competencia para a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística lle compete ao concello.

Terceiro.- O 17/06/2014 polos servizos técnicos municipais emítense informe describindo as obras e dando conta de que se localizan sobre solo de núcleo rural común, que se atopan no entorno de dous hórreos, polo que precisarían de autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural e, finalmente, que tratándose de obras de construción dun peche con portal se trataría de usos permitidos nese tipo de solo.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local acordou o 13/02/2015 iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística pola execución das obras consistentes na construción dun muro de peche sen dispor de licenza urbanística no lugar de Vilar, 15 (Baroña), sendo os presuntos promotores D. Javier García Ageitos e D^a. Carmen Ageitos Sampedro.

O referido acordo foi notificado aos interesados 05/03/2015, sen que formularan alegación ningunha.

Quinto.- En data 08/05/2015, a Xunta de Goberno Local acordou outorgar aos interesados no procedemento un trámite de alegacións, o que foi notificado o 18/05/2015.

Durante o prazo outorgado, D. Javier García Ageitos achegou un informe do enxeñeiro agrónomo D. José Carlos Nieto Maneiro, datado en febreiro de 2013, no que este informa que o Sr. García Ageitos é propietario dunha serie de bens inmoebles situados na eira do enderezo Vilar e describe a súa configuración e elementos existentes na mesma.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente en virtude da delegación efectuada por decreto da Alcaldía- Presidencia núm. 406/2015, do 18 de xuño, así como en aplicación dos artigos 209 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

Segundo.- A Secretaría municipal emitiu informe o 02/12/2015, coas seguintes consideracións xurídicas:

"Primeira.- O expediente de reposición da legalidade urbanística referido iniciouse ao abeiro do establecido polo art. 209.1 LOUG, segundo o cal "cando se estivesen executando obras sen licenza, sen comunicación previa ou orde de execución, ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, a persoa titular da alcaldía disporá a suspensión inmediata de ditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo á persoa interesada".

O apartado 3, o art. 209 LOUG dispón que, unha vez instruído o expediente de reposición da legalidade, e logo da audiencia aos interesados, aquel procedemento se resolverá nun dalgún dos seguintes xeitos:

- a) Se as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a costa da persoa interesada e procederase a impedir definitivamente os usos aos que deran lugar ou, no seu caso, á reconstrución do indebidamente demolido.*
- b) Se as obras fosen legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase á persoa interesada para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa, manténdose a suspensión das obras en tanto non se outorgue licenza ou non se presente a comunicación previa.*



- c) *Se as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza, comunicación previa ou orde de execución, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición desta, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto".*

Segunda.- *No suposto que se informa, o promotor das obras non cuestionou ningún dos aspectos postos de manifesto no informe dos servizos técnicos municipais e que, en consecuencia, han de considerarse acreditados:*

- *As obras realizadas carecen de licenza urbanística.*
- *O ámbito no que se localizan as obras ten a clasificación de "solo de núcleo rural", consonte ao disposto pola Disposición Transitoria 1ª LOUG.*
- *Por situarse as obras no entorno de dous hórreos, que terían a consideración de bens de interese cultural (BIC), a súa execución require da previa autorización de Patrimonio, da que carecen.*
- *A construción dun peche cun portal é un uso permitido en solo de núcleo rural.*

Do exposto, resulta que as obras realizadas puideran ser un uso permitido, requirindo en todo caso da previa autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural.

Por tratarse de obras sen licenza, o órgano competente deberá resolver no senso previsto na letra b) do art. 209.3 LOUG e requirir ao promotor das obras para que no prazo de 3 meses instase a legalización das obras."

Terceiro.- Resulta acreditado que a obra executada carece de licenza urbanística e da autorización preceptiva do órgano autonómico competente en materia de protección do patrimonio cultural. Non obstante, consonte ao informado polos servizos técnicos municipais, a construción dun peche cun portal é un uso permitido en solo de núcleo rural, clasificación que corresponde ao ámbito no que se executaron as obras.

Visto canto antecede,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Requirir a D. Javier García Ageitos e a D^a. Carmen Ageitos Sampedro, na súa condición de promotores das obras, para que no prazo de **tres meses** procedan a solicitar a oportuna licenza urbanística ou comunicación previa en relación coa construción dun muro de peche na parcela situada no lugar de Vilar, 15 – Baroña, que ten a referencia catastral 002003600MH92H0001GJ.

De transcorrer o prazo de tres meses desde o presente requirimento sen solicitar a licenza ou presentar a comunicación previa, ordenarase a demolición das obras a costa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar. Procederase do mesmo xeito no suposto de que a licenza fose denegada por resultar contraria á legalidade.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados indicándolle o réxime de recursos aplicable."

4. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **09:55 horas**, do día **3 de decembro de 2015**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

Assdo. José Luis Oujo Pouso.

O SECRETARIO,

Assdo. José Manuel González García

